

O PAVILLÓN DE COLONIAS

En 1920, dez anos despois da súa inauguración, un dos maiores problemas do Sanatorio de Oza seguía sendo a imposibilidade de atender as numerosas peticións recibidas para o tratamento dos rapaces nas tempadas das colonias. Para resolver isto, nun principio pensouse en ampliar as antigas instalacións do lazareto sucio, evitando así o investimento nunha nova edificación. Non obstante, unha vez desbotada esta idea, decidiuse elaborar o proxecto doutro pavillón, redactado polo arquitecto Pedro Mariño, cuxa intervención estivera relacionada coa urbanización dos terreos e diversas reparacións feitas no resto de pavillóns, e que en 1903 deseñara o Dispensario Antituberculoso do Orzán. Quedou así patente a pegada de Mariño no conxunto hospitalario de Oza, converténdose o Pavillón de Colonias, xunto coa Capela de Oza e o Fortín, nun dos edificios máis salientables do recinto.

O deseño do Pavillón seguiu os esquemas arquitectónicos do movemento da Secesión de Viena (incluído no modernismo europeo) no que á distribución e ornamentación das partes da fachada se refire, situándose esta, cun corpo central que avanzaba sobre os laterais, nunha meseta que o facía destacar, ofrecendo así unha espléndida perspectiva dende o mar. O edificio afastábase do barroquismo que caracterizaba as anteriores construcións de Mariño, prescindindo de recargadas decoracións, e con xeométricas ornamentacións que o situaban nun sobrio e clasicista eclecticismo. A construción do Pavillón de Colonias, ou Pavillón número 4, foi longa, prolongándose ata o ano 1926, coincidindo coa creación do Real Padroado da Loita Antituberculosa. Levantouse nos terreos da parte alta do Sanatorio, xusto tras o muro de cerramento, garantíndose así o illamento e as condicións de orientación e luz solar máis axeitadas. O edificio, de esquema rectangular cunha superficie de 1200 m^2 por planta, constaba dun sotó, en que se situaban os servizos de hidroterapia, os baños, as duchas, os vestiarios, a caldeira de calefacción e varios almacéns; a planta baixa, dividida en dormitorios, enfermarias e outros baños; a planta principal, onde se atopaba a escola e outros dormitorios; e por último, o ático, con dúas azoteas para os baños de sol e un ximnasio. Hai que sinalar que naqueles anos o formato de construción alongada e estreita con corpos en resalto triunfaba na arquitectura dos sanatorios antituberculosos (Górliz en Biscaia, 1919). Como curiosidade, destaca o respecto pola lexislación sanitaria vixente que recomendaba dispoñer de polo menos 20 m^3 de aire (ou espazo) por enfermo.

A inauguración oficial do Pavillón fíxose coincidir coa visita dos Reis Afonso XIII e Victoria Eugenia á cidade da Coruña, sendo recibidos estes na entrada do Sanatorio polo director Rafael Fernández Orbanza, o persoal, e máis de 400 rapaces, a maior parte madrileños, acto que quedou recollido nas fotografías da época. Por outra banda, é relevante o feito de que nestes anos se iniciasen os trámites para a construción dun sanatorio antituberculoso de montaña no próximo municipio de Cesuras, cuxa primeira pedra deste se colocou no ano 1927, se ben só chegou a facerse unha parte, quedando a medio construír e abandonado durante anos no medio dun bosque ata o día de hoxe.

Nos anos 40 o Pavillón de Colonias foi reformado segundo o proxecto do arquitecto Eduardo Rodríguez-Losada e pasou a denominarse número 6, pois nesta década, coa construción de dous novos pavillóns, todos os xa existentes foron renumerados. Así, na fachada traseira e no lateral esquerdo fixéronse unhas galerías onde os enfermos puidesen repousar e tomar o sol, tal e como se viña facendo nos sanatorios de montaña. Cos anos, e ao cesar o movemento das colonias infantís, o Pavillón tivo que ser adaptado ao tratamento das tuberculosas cirúrxicas e posteriormente das enfermidades osteoarticulares, igual que o resto de pavillóns, ata incorporarse nos anos noventa aos hospitais do SERGAS como parte do Complexo Hospitalario Juan Canalejo. Finalmente, nesa mesma década, e dentro do conxunto das actuacións levadas a cabo no lugar de Oza, o Pavillón foi reformado como centro universitario, sendo galardoado polo seu proxecto co Premio Nacional de Arquitectura na edición de 1999 o arquitecto de Talavera Manuel de las Casas (recentemente falecido), pero iso xa é outra historia.